

BASES DA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE AXUDAS PARA A O RESCATE DA RESTAURACIÓN E HOSPEDAXE DO CONCELLO DE SANTIAGO AFECTADOS POLA CRISE DA COVID-19. ANUALIDADE 2020

1º Obxecto e finalidade

1.O obxecto destas bases é regular a concesión de axudas dirixidas ao sector da restauración e hospedaxe definido conforme aos epígrafes do Anexo II, para o financiamento dos gastos correntes correspondentes á anualidade 2020.

2.A finalidade destas axudas é promover e reactivar a actividade local que permita manter a actividade económica, o emprego e a dimensión competitiva do sector da restauración e hospedaxe para que poida afrontar as consecuencias derivadas do impacto xerado pola crise producida pola COVID-19.

2º Persoas beneficiarias

Poderán resultar beneficiarias as persoas físicas ou xurídicas, ou sociedades civís, legalmente constituídas, que cumpran os seguintes requisitos:

Que entre as súas actividades estea incluída algunha das agrupacións ou epígrafes correspondentes á clasificación do imposto de actividades económicas relacionadas no anexo II.

Que a persoa teña a súa sede de actividade no municipio de Santiago de Compostela.

Que na anualidade 2020, no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro, sufriran una baixada na facturación igual ou superior ao 20% respecto o mesmo período do ano 2019.

Os requisitos deben cumprirse no momento da publicación desta convocatoria no BOP.

3º Gastos subvencionables

1. Con carácter xeral, consideraranse subvencionables os seguintes gastos correntes relacionados coa actividade empresarial da empresa realizados e efectivamente pagados desde o 1 de xaneiro de 2020 ata o 30 de novembro de 2020:

- Alugueiros
- Subministrados: luz, auga e electricidade
- Seguros de responsabilidade civil
- Autónomos e seguros sociais
- Nóminas de persoal contratado por conta allea (líquido a percibir) excluídas as retencións.
- Xuros de hipotecas.

Segundo o artigo 29.8º da Lei 9/2007, en ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda ou os xuros deudores das contas bancarias.

Estas axudas teñen carácter finalista polo que o importe da subvención concedida non poderá ser empregado para outros fins.

Esíxese un mínimo de 1000 € (IVE excluído) en gastos xustificados para poder concorrer a esta convocatoria.

Os gastos teñen que ser pagados por transferencia bancaria, talón bancario, domiciliación bancaria ou cargo en conta a través de tarxeta. Non se aceptan gastos pagados en efectivo.

4º Procedemento de concesión

1. procedemento de concesión das axudas recollidas nesta convocatoria é non competitivo. A concesión realizarase mediante a comprobación da concorrencia dos requisitos sinalados ata o esgotamento do crédito.
2. procedemento de concesión non é competitivo porque o único criterio a ter en conta será a orde de rexistro de entrada das solicitudes. Naqueles supostos en que se requirise aos solicitantes a emenda de erros ou omisións na solicitude, para os efectos de ordear as solicitudes presentadas por orde de rexistro de entrada, atenderase á data en que o dito requirimento estivese correctamente atendido.
3. Por razón de interese público, este procedemento tramitarase con carácter urxente, de tal xeito que todos os seus prazos reduciranse á metade, salvo os relativos á presentación de solicitudes e recursos.

5º Contía da subvención

O importe da subvención será do cen por cento do gasto corrente xustificado (IVE excluído) ata un máximo de 2.500 euros para beneficiarios do sector da restauración e o hospedaxe en xeral, e ata un máximo de 3.000 euros para beneficiarios do sector da hostaleira de ocio nocturno.

2. Esíxese un mínimo de 1000 € (IVE excluído) en gastos xustificados para poder concorrer a esta convocatoria.
3. En ningún caso o importe das axudas concedidas ao abeiro desta convocatoria poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total dos gastos correntes xustificados.

6º Solicitudes e documentación

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos. Xunto coa solicitude, deberá achegar, debidamente cuberto e asinado, o formulario normalizado dispoñible como anexo I destas bases. Deberá cubrir, necesariamente, todos os campos do formulario establecidos como obrigatorios.
2. Se presenta a solicitude a través da sede electrónica do Concello de Santiago (sede.santiagodecompostela.gal) escolla o trámite "Solicitude de subvención" dentro do catálogo de trámites dispoñible.
3. No modelo de solicitude ven recollida unha declaración responsable do solicitante, de obrigado cumprimento, onde manifestará:
 - Que está de alta no RETA (réxime de traballadores autónomos) ou que non está de alta en ningún dos rexímenes da seguridade social por non ser de obrigado cumprimento (para o caso de sociedades mercantís).
 - Que a persoa que asina a solicitude ten outorgado o poder de representación por parte da empresa suficiente para a tramitación desta solicitude.
 - Que ten a súa sede de actividade no municipio de Santiago.
 - Que non está incurso en ningunha das circunstancias que prohiben obter a condición de persoa beneficiaria.
 - Que está ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas, coa Seguridade Social e co Concello de Santiago.

- Que non está afectada polo réxime de minimis a que se acolle esta convocatoria.
- Que a súa actividade principal está encadrada nalgunha das epígrafes recollidas no anexo II desta convocatoria indicando ademais de xeito específico nos casos que proceda que o negocio se adica ao sector do ocio nocturno.
- Que sufriu unha baixada de facturación igual ou superior ao 20% no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro do ano 2020 respecto o mesmo período da anualidade anterior.
- Que se compromete a manter a súa actividade empresarial durante un período mínimo de seis meses desde a concesión da axuda regulada nesta convocatoria.
- Que os requisitos para poder ser beneficiaria cúmprense no momento da publicación desta convocatoria no BOP.
- A conta xustificativa simplificada de gastos.

3. A presentación da solicitude supón aceptar as bases reguladoras desta convocatoria.

7º Emenda das solicitudes

1.As persoas cuxas solicitudes presenten defectos, cuxa listaxe será publicada na web www.cersiaempresa.gal, deberán emendar o que se indique dentro no prazo de cinco días hábiles. De non o facer, entenderase desisten do seu pedimento e ditarase unha resolución neste sentido nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común.

2.De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que foi realizada a emenda.

8º Prazo de presentación de solicitudes

1.O prazo xeral de presentación de solicitudes iníciase ao día seguinte da publicación desta convocatoria no boletín oficial da provincia da Coruña e rematará o 15 de decembro de 2020.

2. Aquelas solicitudes presentadas con anterioridade á apertura do prazo de presentación de solicitudes teranse por non presentadas, en atención á obrigatoriedade de termos e prazos establecida no artigo 29 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común.

3. O envío das bases ao BOP farase a través da Base de Datos Nacional de Subvencións

4.Coa solicitude, segundo a base 6ª, deberá xa achegarse a información da conta xustificativa do gasto polo que o prazo de xustificación coincide co de presentación de solicitudes.

9º Instrución do procedemento

1. Recibidas as solicitudes, a unidade orgánica de Fomento levará a cabo a instrución do procedemento e realizarán de oficio cantas actuacións consideren necesarias para determinar os datos en virtude dos que se deba formular a proposta de resolución así como o posterior cotexo documental previsto no artigo 11 desta convocatoria.

2. Para estes efectos, a unidade orgánica instrutora do procedemento, comprobará a concorrencia nas persoas solicitantes dos requisitos para poder ser beneficiarias desta convocatoria e a elixibilidade, do gasto xustificable e polo tanto subvencionable. Dita comprobación realizarase en base ás manifestacións contidas na declaración responsable recollida no formulario de solicitude, subscripta polo persoas que a realiza, baixo a súa responsabilidade.

3. En atención ao establecido no artigo 75.3 do RD 887/2006 polo que se aproba o regulamento estatal de subvencións, requirirase a aquelas persoas cuxo primeiro apelido ou razón social- segundo se trate de

persoas físicas ou xurídicas- comece pola letra do abecedario resultante do sorteo a realizar polo Concello, a presentación da documentación sinalada no apartado 11.1 destas bases. O requirimento realizarase por medio do mesmo acto de publicación de emenda de solicitudes previsto no artigo 7.1 destas bases, e deberá atenderse polo tanto no mesmo prazo improrrogable de cinco días hábiles a contar desde o día seguinte ao da publicación.

4.A unidade instrutora resérvase o dereito a poder comprobar de oficio, con carácter previo á formulación da proposta de resolución e aprobación da xustificación, que a persoa solicitante está ao corrente nas súas obrigas co Concello de Santiago.

10º Resolución do órgano competente. Xustificación e forma de pagamento

1. A resolución de concesión, aprobación da xustificación e pagamento da axuda realizarase atendendo ás manifestacións contidas nas declaracións responsables recollidas no formulario de solicitude, subscrita polo persoa que a realiza, baixo a súa responsabilidade, nos termos recollidos no artigo 69.4 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común, e coas repercusións que ten a súa falsidade na Lei 38/2003 xeral de subvencións e na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

2. A veracidade dos datos recollidos no formulario de solicitude, incluída a conta xustificativa dos gastos, serán obxecto de cotexo con posterioridade á resolución da concesión e aprobación da xustificación nos termos recollidos no apartado 11º desta convocatoria. Sen prexuízo da facultade da unidade instrutora de poder comprobar de oficio, con carácter previo á formulación da proposta de resolución e aprobación da xustificación, que a persoa solicitante está ao corrente nos pagamentos co Concello de Santiago.

3. Á vista da instrución do procedemento, o alcalde (ou concelleira/o competente) formulará a proposta de resolución e aprobación da xustificación que corresponda á Xunta de Goberno Local, que será o órgano competente para resolver o procedemento.

4. O procedemento resolverase no prazo máximo de quince días naturais a partir da data límite de presentación de solicitudes. Transcorrido este prazo sen que recaia resolución expresa, a solicitude entenderase rexeitada por silencio administrativo.

5.A xustificación da subvención realizarase baixo a modalidade de conta xustificativa simplificada prevista no artigo 75 do RD 887/2006 do Regulamento Xeral de Subvencións.

11º Cotexo documental da declaración responsable

1.Para os efectos da comprobación dos datos manifestados polas persoas beneficiarias na súa declaración responsable, publicarase na web www.cersiaempresa.gal a listaxe das persoas beneficiarias, que deberán achegar, xunto co modelo de anexo III, no prazo de dez días hábiles a documentación que segue para os efectos das comprobacións que correspondan:

- Alta no réxime de autónomos das persoas promotoras. As persoas xurídicas nas que os socios e/ou administradores non estean obrigados a estar dados de alta en ningún réxime da seguridade social deberán achegar declaración responsable específica desta circunstancia.
- Escritura de constitución da sociedade mercantil, se é o caso.
- Certificado da situación censual emitido pola Axencia Tributaria do Estado.
- NIF da persoa física ou xurídica. Se se trata dunha persoa xurídica achegarase tamén o documento de identidade da persoa que posúe a representación da sociedade e o documento que acredite esta representación.
- Certificado bancario de titularidade de conta

- Declaracións do IVE trimestral (modelos 303) dos tres primeiros trimestres de 2019 e 2020 ou declaracións trimestral do IRPF (modelo 130 ou 131 segundo corresponda) dos tres primeiros trimestres de 2019 e 2020. As persoas que tributen en réxime de estimación obxectiva deberán acompañar así mesmo, xunto co modelo 131 de IRPF indicado, declaración responsable do volume de facturación real, non estimada, correspondente aos tres primeiros trimestres das anualidades 2019 e 2020.
- Facturas que acrediten a realización dos gastos ou documento probatorio que corresponda no caso de gasto corrente distinto de prestación de servizos por un terceiro. Non se admitirán facturas simplificadas, proforma ou orzamentos.
- Comprobantes de pagamento mediante transferencia bancaria e/ou domiciliación do gasto en conta corrente.

2.A comprobación de non ter débedas co Concello de Santiago realizarase de oficio pola unidade tramitadora do procedemento.

3. Dacordo co artigo 13.2 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións non poderán obter a condición de beneficiario aquelas persoas que non se atopen ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade social impostas polas disposicións vixentes.

4..Se algunha documentación da indicada no parágrafo anterior xa obrara en poder desta administración local, a persoa interesada poderá presentar declaración responsable de dita circunstancia indicando número de expediente e manifestación de que dita documentación non sufriu ningunha modificación.

12º Recursos

As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpor recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditara a resolución impugnada, consonte o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas.

13º Obrigas das persoas beneficiarias


Compromiso de manter a súa actividade empresarial durante un período mínimo de seis meses desde a concesión da axuda.

Colaborar na realización de visitas de seguimento e control e facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención do Concello, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, así como por calquera outra institución nacional ou comunitaria que interveña no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Comunicar ao órgano concedente, en canto se coñeza, calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas polas persoas beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien o obxecto desta axuda.

Adoptar as medidas de difusión contidas no artigo 15.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. Estas medidas deberán adecuarse ao obxecto subvencionado e poderán consistir na inclusión da imaxe institucional da entidade concedente así como en lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas, material impreso, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.

Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos legalmente establecidos.



CONCELLO DE SANTIAGO

As restantes obrigas establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003 xeral de subvencións.

14º Incompatibilidades

Esta axuda quedará suxeita ao réxime de axudas de minimis, polo que non poderán excederse os límites cuantitativos (200.000 euros nun período de tres anos, agás para o sector do transporte por estrada que é de 100.000 euros) establecidos no Regulamento (CE) 1998/2006, da Comisión da Unión Europea, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas de minimis (DOUE nº L379/5, do 28 de decembro).

Será compatible con outras subvencións ou axudas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, co límite establecido na base 5ª.

15º Reintegro

Procederá a revogación da subvención así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora que cumpran, no caso de falsidade ou inexactitude da declaración responsable en base á que se formulou a resolución de concesión e aprobación da xustificación, e nos demais casos e nos termos previstos no título II da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e da Lei 38/2003 xeral de subvencións e normativa de desenvolvemento.

16º Modificación da resolución de concesión

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución e eventualmente á súa revogación.

17º Entrada en vigor e vixencia

Estas bases entrarán en vigor ao día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

18º Financiamento

A este programa destínanse as seguintes dotacións dos orzamentos do Concello de Santiago de Compostela correspondentes ao ano 2020, 1.600.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 010 43200 4790000, condicionada á entrada en vigor da modificación orzamentaria.


Conforme ao establecido na Base 29ª das Bases de execución do orzamento de Santiago de Compostela para o ano 2020, esta convocatoria tramítase por anticipado de gasto e queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente, unha vez entre en vigor o crédito extraordinario 2020-CREXT-16 aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación Municipal con data do 17 de novembro do 2020. En ningún caso se poderán conceder estas axudas previamente á entrada en vigor deste crédito extraordinario.

Anexos dispoñibles en www.santiagodecompostela.gal

Anexo I. Formulario normalizado de solicitude.

Anexo II. Epígrafes do imposto de actividades económicas subvencionables.

Anexo III. Modelo para cotexo documental da declaración responsable



CONCELLO DE
SANTIAGO

**MODELO DE COTEXO DOCUMENTAL DE DECLARACIÓN RESPONSABLE
AXUDAS PARA O RESCATE DO COMERCIO LOCAL/RESTAURACIÓN E HOSPEDAXE/INDUSTRIAS CULTURAIIS
AFECTADO POLA COVID19. ANUALIDADE 2020**

Solicitante				
DNI-NIF/NIE		Nome e apelidos/Razón social		
Correo electrónico			Teléfono	
Representante				
DNI-NIF/NIE		Nome e apelidos		Teléfono
Medio de notificación				
<input type="checkbox"/> Por correo postal				
Rúa/....		Núm.	Escaleira	Planta
CP	Municipio	Provincia		País
<input type="checkbox"/> Por medios electrónicos				
Correo electrónico (no caso de que se actúe a través de representante)				

Datos da axuda solicitada:		
<input type="checkbox"/> Comercio local	<input type="checkbox"/> Restauración e hospedaxe	<input type="checkbox"/> Industrias Culturais
Número de expediente asignado polo Concello para esta convocatoria nas listaxes publicadas		

Documentación que presenta (sinale o que corresponda)										
<input checked="" type="checkbox"/> DNI-NIF/NIE da persoa solicitante <input type="checkbox"/> DNI-NIF/NIE da persoa representante, se procede <input type="checkbox"/> Acreditación da representación, se procede (marcar no anexo 1 os documentos que se presentan) <input type="checkbox"/> Alta no réxime de autónomos das persoas promotoras. <input type="checkbox"/> Declaración responsable para o caso das persoas xurídicas nas que os socios e/ou administradores non estean obrigados a estar dados de alta en ningún réxime da seguridade social. <input type="checkbox"/> Escritura de constitución da sociedade mercantil, se é o caso. <input type="checkbox"/> Certificado da situación censual emitido pola Axencia Tributaria do Estado. <input type="checkbox"/> Certificado bancario de titularidade de conta. <input type="checkbox"/> Declaracións do IVE trimestral (modelos 303) dos tres primeiros trimestres de 2019 e 2020 ou declaracións trimestral do IRPF (modelo 130 ou 131 segundo corresponda) dos tres primeiros trimestres de 2019 e 2020. <input type="checkbox"/> Facturas que acrediten a realización dos gastos ou documento probatorio que corresponda no caso de gasto corrente distinto de prestación de servizos por un terceiro. <input type="checkbox"/> Comprobantes de pagamento mediante transferencia bancaria e/ou domiciliación do gasto en conta corrente.										
<p>Se algunha documentación consta xa en poder do Concello e non desexa presentala, deberá indicar a seguir os documentos de que se trata e identificar o expediente en que constan. Neste caso, enténdese que manifesta expresamente que a documentación non tivo modificacións.</p> <table border="1"> <thead> <tr> <th>Documento</th> <th>Expediente</th> </tr> </thead> <tbody> <tr><td> </td><td> </td></tr> <tr><td> </td><td> </td></tr> <tr><td> </td><td> </td></tr> <tr><td> </td><td> </td></tr> </tbody> </table>	Documento	Expediente								
Documento	Expediente									
<input type="checkbox"/> PRESTO O MEU CONSENTIMENTO para a reutilización polo Concello dos documentos achegados <input checked="" type="checkbox"/> NON PRESTO O MEU CONSENTIMENTO para que os datos ou documentos necesarios para o trámite desta solicitude sexan obtidos mediante consulta a outras administracións										


Data da solicitude, 09/12/2020

Sinatura

ANEXO 1: DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA REPRESENTACIÓN

Coa sinatura desta solicitude autorizo que o Concello de Santiago de Compostela realice o tratamento dos datos persoais declarados coa finalidade de xestionar o procedemento derivado dela. A lexitimación vén atribuída polo consentimento da persoa interesada e polas competencias municipais establecidas na normativa de aplicación. Conservarase o tempo necesario para resolver o expediente e as responsabilidades derivadas. As persoas destinatarias serán os departamentos municipais, as empresas concesionarias ou outras administracións públicas con competencias na tramitación do expediente. Poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, limitación do tratamento ou calquera outro establecido na normativa vixente ante quen sexa responsable do tratamento e consultar información adicional en www.santiagodecompostela.gal

Oficina de Promoción Económica dependente de Alcaldía do Concello de Santiago e Compostela.
 Edificio CERSIA Empresa. Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, S/n CP15703 Santiago de Compostela
 Telf: 981 54 24 93. Fax: 981 54 24 92.
 Correo electrónico: cersia@santiagodecompostela.gal. Páxina web: www.cersiaempresa.gal



CONCELLO DE
SANTIAGO

En todos os casos é preciso achegar o DNI-NIF/NIE da persoa representada e da representante

Para a representación de persoas físicas maiores de idade (sinale o que corresponda)

- Poder notarial
- Apoderamento outorgado mediante comparecencia
- Outros documentos legais de representación maiores de idade

Para a representación de persoas xurídicas que carezan de capacidade para actuar

- Resolución xudicial

Para a representación de persoas xurídicas (sinale o que corresponda)


- Escritura pública
- Poder notarial

Para a representación de herdanzas xacentes, comunidades de bens ou outras entidades sen personalidade xurídica (sinale o que corresponda)

- Escritura pública
- Poder notarial

En caso de representación de persoas menores de idade (sinale o que corresponda)

- Libro de familia
- Resolución xudicial ou administrativa
- Outros documentos legais de representación




CONCELLO DE
SANTIAGO

ANEXO II


EPÍGRAFES DO IAE SUBVENCIONABLES

- 671. Servizos en restaurantes
- 672. Servizos en cafeterías
- 673. Servizos en cafés e bares, con e sen comida
- 674.5. Servizos que se presten en sociedades, círculos, casinos, clubs e establecementos análogos.
- 676. Servizos en chocolaterías, xeaderías e horchaterías
- 677.9. Outros servizos de alimentación propios da restauración
- 681. Servizo de hospedaxe en hoteis e moteis
- 682. Servizo de hospedaxe en hoteis e pensións
- 683. Servizo de hospedaxe en fondas e casas de hóspedes
- 684. Servizo de hospedaxe en hoteis-apartamentos
- 687. Campamentos turísticos nos que se prestan os servizos mínimos de salubridade coma auga potable, lavabo, vertedeiros etc.



CONCELLO DE
SANTIAGO

ANEXO III		
Modelo para cotexo documental da declaración responsable		
CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE AXUDAS PARA A O RESCATE DA RESTAURACIÓN E HOSPEDAXE DO CONCELLO DE SANTIAGO AFECTADOS POLA CRISE DA COVID-19. ANUALIDADE 2020		
1. DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA PERSOA QUE PRESENTA A DOCUMENTACIÓN		
DI / NIF	Nome e apelidos/Razón social	
Enderezo completo		
Municipio	Código postal	Teléfono
Correo electrónico		
2. DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA EMPRESA BENEFICIARIA		
Razón Social da Empresa		
NIF/CIF	Número de Expediente asignado polo Concello para esta convocatoria nas listaxes publicadas:	
Enderezo completo		
Municipio	Código postal	Teléfono
3. DOCUMENTACIÓN QUE PRESENTA (marque o que corresponda)		
<ul style="list-style-type: none">Alta no réxime de autónomos das persoas promotoras. As persoas xurídicas nas que os socios e/ou administradores non estean obrigados a estar dados de alta en ningún réxime da seguridade social deberán achegar declaración responsable específica desta circunstancia.		



CONCELLO DE
SANTIAGO

- Escritura de constitución da sociedade mercantil, se é o caso.
- Certificado da situación censual emitido pola Axencia Tributaria do Estado.
- NIF da persoa física ou xurídica. Se se trata dunha persoa xurídica achegarase tamén o documento de identidade da persoa que posúe a representación da sociedade e o documento que acredite esta representación.
- Certificado bancario de titularidade de conta
- Declaracións do IVE trimestral (modelos 303) dos tres primeiros trimestres de 2019 e 2020 ou declaracións trimestrais do IRPF (modelo 130 ou 131 segundo corresponda) dos tres primeiros trimestres de 2019 e 2020.
- As persoas que tributen en réxime de estimación obxectiva deberán acompañar, xunto co modelo 131 de IRPF indicado, declaración responsable do volume de facturación real, non estimada, correspondente aos tres primeiros trimestres das anualidades 2019 e 2020.
- Facturas que acrediten a realización dos gastos ou documento probatorio que corresponda- no caso de gasto corrente distinto de prestación de servizos por un terceiro.
- Comprobantes de pagamento mediante transferencia bancaria e/ou domiciliación do gasto en conta corrente.

Se algunha documentación consta xa en poder do Concello e non desexa presentala, deberá indicar a seguir os documentos de que se trata e identificar o expediente en que constan.


Neste caso, enténdese que manifesta expresamente que a documentación non tivo modificacións.

Documento _____ Expediente _____
Documento _____ Expediente _____

Santiago de Compostela, de de 2020

(Asinado pola persoa interesada)

ALCALDÍA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Consonte o disposto na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Santiago relacionados con este trámite, coa finalidade de utilízalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.